




Concello de Cea

Número 8. Decembro de 2011. Publicación gratuíta.



¿Qué é o Nadal?

É a tenrura do pasado, o valor do presente e a esperanza do futuro
É o máis sincero desexo de que cada cunca rebose bedicións ricas e eternas,
de que cada camiño nos leve a PAZ.

Bo Nadal e próspero e venturoso 2012 !!



Neste número:

Benvida

Campo de Fútbol de O Lodairo

Oseira- Marín: 9º Centenario

Parroquias de Vilaseco e Mandrás

Colexio de Cea: A Lingua sabe a Pan
O Concello de Cea en "Polo Chan"

Monteros Galaicos: Caza

Mandrás vaíse de Teatro

Mellora e acondicionamento en Cea

Especial Servizos

Pasatempos

Flash fotográfico

Festas da Saleta 2011

*Axenda Cultural
nas páxinas centrais*

.....

Benvidos, veciños e veciñas deste concello, á revista municipal.

Xa que se me brinda a oportunidade, manifesto con moito gusto, o meu sincero desexo de que esta revista sexa por moitos anos unha ponte, fermosa, como a de Mandrás, para unir as parroquias deste concello. Felicito dun xeito especial a todos os que fan posible que esta revista sexa unha realidade.

E aínda por riba este número trata sobre dúas das miñas parroquias: San Pedro de Mandrás e San Miguel de Vilaseco. Máis ledicia aínda!

O rural de Galicia é ben fermoso, verdade que si? Cruceiros, cabaceiros, pontes, igrexas, ríos, pazos... e tamén a xente. Aínda que nas parroquias haxa cada vez menos persoas, hai nelas xente boa, persoas con ganas de facer algo polos demais, que buscan acercar o Ceo a esta terra.

Hoxe temos moitos aparellos que nos fan a vida máis cómoda, pero se cadra fáltanos aquilo que tiñan os nosos maiores: esa paz, esa felicidade que os embargaba. Hai uns días unha profesora dicíalles aos seus alumnos que ela xa “estivo” no ceo. Foi o día que visitou os seus pais, fixeron lume e merendaron sardiñas asadas con pan e viño, mentres falaron do humano e do divino.

Desexo que o ano 2012 nos traia a todos novos folgos para traballar xuntos nesta tarefa tan bonita.

Quedo ao voso dispor.

Juan Carlos Estévez - Cura-párroco de Mandrás, Vilaseco e Pereda

Telefonos de interese

| | |
|-----------------------------------|--------------|
| Concello de Cea | 988 28 20 00 |
| Mosteiro de Oseira | 988 28 20 04 |
| Centro de Saúde Cea | 988 28 24 01 |
| Urxencias PAC | 988 20 62 81 |
| Farmacia Lda. Hilda | 988 28 21 67 |
| Farmacia Lda. Gloria | 988 28 24 12 |
| Garda Civil | 988 28 22 29 |
| Centro Coordinador de Emerxencias | 112 |
| Urxencias médicas | 061 |
| Cruz Vermella | 988 27 30 42 |
| Correos | 988 28 25 22 |
| Grupo Escolar | 988 28 21 69 |
| NovaGalicia Banco | 988 28 20 10 |
| Banco Pastor | 988 28 35 00 |
| Edificio Multiusos | 988 28 35 23 |

A Foto



Durante o mes de outubro, un numerosísimo grupo da UME (Unidade Militar de Emerxencias), estableceu a súa base en Cea, para dar apoio os incendios que tiveron lugar en Galicia neste mes.

Obras no Campo de O Lodairo

Como sabedes, xa comezaron as obras do Campo de fútbol de O Lodairo, mediante as cales dotarase o terreo de xogo de céspede artificial, e contruírse una nova zona de vestiarios, así como outras melloras menores nas instalacións.

Con estas melloras o Concello de Cea disporá dunhas instalacións deportivas de primeiro nivel, acadando deste xeito poder ofrecer a tódolos veciños e veciñas a posibilidade de facer deporte nuns espazos axeitados, e completalo tecido de instalacións deportivas, xunto co pavillón municipal, o ximnasio e as piscinas, para a época estival.

Adxuntamos fotografías das obras...



Vista dos novos vestiarios.



Instalación dos sistemas de drenaxe e regadío.



Recollida de auga nos laterais do terreo de xogo



Capas de firme para o futuro terreo de xogo.

Flash fotográfico

Xa que a última edición desta publicación remóntase a marzo deste mesmo ano, e ante a imposibilidade de poder editala antes, por causas alleas ao Concello, temos moitas imaxes de actividades e eventos destas datas, por iso aproveitaremos o final das páxinas desta edición para lembrar as máis suliñables.



Festa do Pan de Cea 2011

O Alcalde agasalla os pregoeiros con "Pan de Cea"



San Cristovo 2011

Chegada ao C. da Saleta da Procesión de San Cristovo

Oseira-Marín: 900 anos de Historia

O domingo 11 de marzo de 2012 é a data elexida para conmemorar o novecientos aniversario do intre no que a reina Dona Urraca cede ao noble dezano Diego de Arias o coto do realengo de Marín, momento no que se estima que empeza a historia do municipio de Marín cos seus posteriores avatares que foron densos no que ó seu devir se refire.

Cea e Oseira

Ángel García, promotor principal da idea reuniuse xa co alcalde de Cea e o abade do mosteiro de Oseira, que non só refrendaron o programa senón que mostraron un gran interese polo seu contido e significado con cuxo desenvolvemento se recuperarán as relacións de real irmandade existentes entre ambos concellos e coa institución monacal, que durante séculos rexeu os destinos de Marín ó recibir a donación do propio Diego de Arias no século XII.

Programa dos actos (pode variar)

Domingo 11 de marzo de 2012

9:00 horas - Saída de Marín (Autobús e coches particulares)

CONCELLO DE CEA

11:00 horas. Recepción no Edificio Multiusos

Palabras do alcalde de Cea, José Luis Valladares

Palabras da alcaldesa de Marín, María Ramallo

(Cruce de entrega dun "presente" simbólico de cada Concello)

11:30 horas. Visita ó Museo Etnográfico do Pan e aos fornos do Pan de Cea

MOSTEIRO DE OSEIRA

13:00 horas. Recepción no Mosteiro de Oseira

Discurso de benvinda do Abade, Juan Javier Martín Hernandez

Discurso de recibimento do promotor da xornada, Angel García Carregal

Cruce de entrega de obsequios institucionais (do Mosteiro e do Concello de Marín) e das asociacións culturais.

13:30 horas. Conferencia a cargo de Miguel Ángel González García, Canónigo Arqueiveiro da Catedral de Ourense, sobre Marín e Oseira.

14:00 horas. Conferencia de Manuel Alberto Torres Viqueira sobre a "Pequena Historia de Marín". Legado histórico del Profesor D. José Torres Martínez.

18:00 horas. Visita-percorrido polo interior do Mosteiro

19:00 horas. Salve Gregoriana a cargo da Comunidade Monacal de Oseira e palabras de despedida do Abade, Juan Javier Marín Hernández.

20:00 horas. Regreso



Flash fotográfico



Tradicionais alfombras na vila de Cea por Corpus



Os profesionais do transporte na súa celebración anual

Percorremos as parroquias de Mandrás e Vilaseco

Neste número acercámonos a dúas parroquias situadas ao sur do noso Concello, Vilaseco e Mandrás.

A primeira co tres núcleos de poboación, Vilaseco, O Val e Ermida, é cuna do sobranceiro Pazo da Pousa, antigamente da Casa de Bouzas e da Marquesa da Atalaia Bermeja (casada con Isidoro de Temes, e donos de importante facenda na cidade de Ourense). De notables dimensións, ten na fachada motivos heráldicos. Posúe capela e pombal cilíndrico na finca. Xunto á estrada hai un cruceiro, preto da igrexa parroquial de San Miguel, obra dos séculos XVIII e XIX.

A parroquia limita coas de Viña, Souto e Mandrás

Esta última, Mandrás, no extremo sur do Concello, está formada polos núcleos de Agra, Costa de Monte, Fondo de Vila, Mandrás e Ponte Mandrás. A súa igrexa de San Pedro é de estilo Románico, con interesante tímpano historiado. A casa rectoral, e Casa do Prado, con chemineas de cantería, teñen interese.

No límite co Concello de Amoeiro, está a Ponte Mandrás, con ponte medieval dun arco no Camiño Real de Ourense, sobre o río Barbantiño. Ten inscrición a penas lexible no pretil, e marcas de cantería. Hai algunhas casas de interese.



Forno de Costa de Monte



Forno da Ermida



Ponte medieval de PonteMandrás



Singular sistema de regadío en Vilaseco

Flash fotográfico



Curso de Natación

Curso de natación na piscina municipal



Inglés para cativos

Os máis cativos, xogando e aprendendo inglés



-PAZOLANDIA 2011/2012.-

Nesta xornada os nenos/as terán a oportunidade de desfrutar das atraccións de **Pazolandia**.

Destinatarios: Nenos e nenas do Concello.

Data: **martes, 3 de xaneiro de 2012.** (Gratuito).

Horario: As 9:30 h. da mañá, saída da praza Maior de Cea.

Inscripción: No Concello ata o 30 de decembro.

-CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL.-

Animade e elabora unha orixinal Tarxeta de Nadal; recibirás un agasallo de Nadal!.

Destinatarios: Todos/as rapaces/as do Concello.

Prazo de entrega: **Ata o 30 de decembro.**

-"EXPOSICIÓN: LA ESENCIA DE LO EFIMERO".-

Exposición de fotografía.

Artista: Asun Adá.

Inauguración: **sábado, 24 de decembro ás 12:30 h.** Permanecerá aberta ó público do 24 de Decembro ó 29 de Xaneiro.

Lugar: Edificio Multiusos de Cea.

Nota: A artista invitará ós/as asistentes a un viño, cortésia da "Adega Seminarre".

- RECEPCIÓN DOS REIS MAGOS.-

Data: **xoves, 5 de xaneiro** **Hora:** 17:30 h

Chegada dos Reis Magos de Oriente ó Concello; os Reis Magos desfilarán polas rúas de Cea, para logo recibir ós/as rapaces/as no **Edificio Multiusos de Cea**. Nesta recepción entregáranse os agasallos do concurso de Tarxetas de Nadal.

CONCELLEIRÍAS DE CULTURA,
EDUCACIÓN E DEPORTES.



Concello de San Cristovo de Cea

Concello de



San Cristovo de Cea



Axenda Cultural



Decembro 2011

Xaneiro 2012

Teléfono: 988.28.20.00

Fax.: 988.28.20.08

Dirección:

Praza Maior Nº 1

C.P.: 32130 - San Cristovo de Cea

Ourense



Páxina Web:

www.concellodecea.com

Correo electrónico: concellodecea@yahoo.es

COLABORA:



Dende o Concello de San Cristovo de Cea, presentámoslle a Axenda Cultural programada para as vindeiras datas. O programa que se presenta pode sufrir cambios dos que serán puntualmente informados.

Para recibir máis información, pode dirixirse á Casa do Concello, onde o informaremos gustosamente e con todo detalle de calquera actividade, ou ben entrar na nosa páxina web:

www.concellodecxa.com

Dende o Concello tamén estamos abertos ás suxerencias e iniciativas dos/das veciños/as, xa que consideramos de vital importancia que vostedes sexan parte activa da vida do Municipio.

Sen máis, reciba un cordial saúdo do Alcalde,

José Luis Valladares.



AULAS DE INGLÉS

Destinatarios: Rapaces/as en idade escolar.
Información e inscrición: Casa do Concello.
Grupos reducidos e por idades

AULAS DE APOIO

Destinatarios: Rapaces/as en idade escolar.
Información e inscrición: Casa do Concello.
Grupos reducidos, comezo no mes de xaneiro



SALA XIMNASIO

Sala equipada con diferentes máquinas para realizar todo tipo de exercicios.

Información: Encargado do pavillón polideportivo.

ESCOLA MIXTA DE FÚTBOL SALA

Destinatarios: Nenos e nenas, (grupos por idades).

Información matricula: Na casa do Concello.



XIMNASIA E AEROBIC

Horario: 3 horas semanais.

Pavillón Polideportivo.

Inscrición: Na Casa do Concello.



CACHIBOL

Deporte adaptado ás persoas maiores.

Destinatarios: Persoas adultas e maiores.

Información e inscrición: Casa do Concello.

Lugar: Pavillón polideportivo de Cea.

-1 hora semanal.-



ORBRADOIRO "LUDINADAL 2011"

Talleres, manualidades, xogos musicais e populares...

Destinatarios: Rapaces/as do Concello. (Gratuito)

Datas: 22/23/26/28 e 30 de decembro. 2/4/5 e Xaneiro.

Horario: de 11:00 a 13:30 h.

Lugar: Edificio multiusos de Cea.

CINE EN LEIRO - EL REY LEON 3D.

Destinatarios: Rapaces e rapazas.

Data: martes, 27 de Decembro de 2011.

Horario: As 11:00 h. na Praza Maior de Cea.

Inscrición: No Concello ata o 23 de Decembro.

Empadroados- 5 Euros.

Non empadroados- 8 Euros.

CONCERTO DE REIS DO

"CORO MUNICIPAL DE CEA".

Data: venres, 6 de xaneiro de 2012.

Horario: A partir das 17:00 h.

Lugar: Edificio Multiusos de Cea.

ACTIVACIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL "OS SERANDEIROS"

Esta Asociación cantará os reis ó remate do concerto do "Coro Municipal"; acto seguido farán un pasarruas pola Vila de Cea, na que interpretarán cantos de reis e panxollñas, para o disfrute de todos os veciños e veciñas do Municipio.

Datas: 6 de Xaneiro de 2012.

Horario: A partir das 18:00 h.

Lugar: Edificio multiusos de Cea e rúas de Cea.

CPI Virxe da Saleta: A Lingua sabe a Pan

Como seguro sabedes, pola relevancia mediática que tivo, o vídeo que os nenos e as nenas do “Cole de Cea”, como eles mesmo o autodenominan, subiron a internet está a ser un verdadeiro fenómeno na rede.

No día de peche da edición desta publicación leva case 26.000 visitas.

Trátase dun Lipdub do CPI Virxe da Saleta sobre unha versión de Sweet Home Alabama de Lynyrd Skynyrd, popularizada por Sinistro Total como Miña Terra Galega. Sobre unha idea de Álvaro Cunqueiro, naceu a letra de A Lingua Sabe a Pan. Contou coa participación de todo o alumnado do CPI e dos músicos Pedro Feijoo e Charly Lincoln que gravaron, misturaron e produciron nos estudos Muu! de Vigo.

Desde o Concello de Cea os nosos máis sinceros parabéns, e verdadeiramente orgullosos dos protagonistas deste magnífico vídeo, do que varios medios de comunicación deron conta nas súas respectivas canles.

Enlace do vídeo: <http://www.vimeo.com/31535420>



Así se ve o vídeo dos nenos e nenas de Cea



Imaxe da TVG, dando a nova do famoso vídeo

O Concello de Cea, en “Polo Chan”

Un grupo de mozos e mozas do Concello de San Cristovo representaron o noso municipio no programa de Televisión de Galicia “Polo Chan”.

As nosas grazas pola súa participación e por deixar o nome do noso Concello en bo lugar.

Achegamos unha foto do equipo dos “pantrigueiros” de Cea”, como eles se denominaron.



Flash fotográfico



Gran ambiente no Magosto organizado polo Concello.



Os nenos e nenas no seu tradicional Magosto

Monteros Galaicos ou a CAZA con maiusculas

Monteros Galaicos é unha asociación cinexética sen ánimo de lucro, que nace en Cea aló polo ano 2007.

Un grupo de cazadores que ademais de practicar o deporte que aman, defínense como verdadeiros defensores do medio, precisamente do medio que lles permite levar a cabo o seu deporte.

Conservar a natureza é unha das prioridades desta orgánica, que na busca de unión entre clubs e cazadores son socios fundadores da Asociación de Clubs e Cazadores de Caza Maior de Galicia, e precisamente ésta, constituída no noso Concello aló polo mes de agosto deste mesmo ano, ven de anunciar dúas xornadas formativas no noso Concello, das cales poñemos os carteis informativos, como poden ver á dereita.



Ademais Monteros Galaicos foi pioneira na organización dunha "Montería Feminina", a primeira celebrada en Galicia, precisamente en Serra Martiñá, a cal tivo unha gran relevancia mediática.

Mais info en:

As cámaras da TVG entrevistando a unha xoven cazadora

www.monterosgalaicos.com
www.asociacioncazamaiorgalicia.org



Mandrás vaise de Teatro

Unha bonita iniciativa promoveu a realización dunha obra de teatro en Mandrás. O domingo 27 de novembro, ás 16:30 horas os veciños da parroquia interpretaron unha interesante obra de teatro, coordinada polo párroco da citada parroquia, nunha iniciativa que consideramos exemplar.

Consideramos que este tipo de actividades cumpren ademais do lóxico entretemento, a importantísima convivencia veciñal, polo que agardamos mais iniciativas deste tipo.



Flash fotográfico



Excursión a Carnota



Taller de Memoria

Bo día o que pasaron os veciños e veciñas do Concello

Clausura do Taller de Estimulación Cognitiva do 2011

Mellora e acondicionamento nas rúas de Cea

Seguindo co Plan Integral que se ven levando a cabo nos últimos anos, O Concello de San Cristovo promove a mellora e acondicionamento de varias rúas do casco antigo da Vila de Cea e os accesos a Praza Maior..

Con esta actuación, queda practicamente rematado ó 100% da mellora estética e de servizos do casco antigo, deixando un imaxe homoxénea con pedra e formigón impreso en tódalas rúas nas que se levaron a cabo estes traballos.

Adxuntamos fotografías das obras:



Rúa Melilla.



Acceso ó Forno da Parapeta



Rúa Parapeta



Detalle de acabados

Flash fotográfico



Un país para comérselo



O Pan de Cea e o Eucaliptine do Mosteiro de Oseira protagonistas do programa de TVE, “Un país para comérselo”

Como é habitual nesta publicación municipal, facemos un Especial dos Servizos e Instalacións que o concello ten a disposición dos veciños e veciñas interesados.

Edificio Multiusos

Poder integrar varios servizos, relacionados ou non, nun mesmo edificio, sendo o principal beneficiario o veciño, foi a idea fundamental coa construción do Edificio Multiusos.

Trátase dun edificio amplo, no que se integran servizos variados. Biblioteca, Centro Xuvenil, Telecentro, Sala de Exposicións, aulas e despachos para usos múltiples, gardería, salón de actos e cafetería forman unhas modernas, amplas e cómodas instalacións.

O edificio está perfectamente adaptado.

O horario do mesmo é de 17:00 horas a 20:30 horas, (de luns a venres), e de 11:00 horas a 13:30 horas (sábados)

Ximnasio Municipal



Desde decembro de 2008, os veciños e veciñas do Concello de San Cristovo de Cea viron ampliada a súa oferta deportiva cun Ximnasio Municipal.

O mesmo está ubicado dentro das instalacións do Pavillón Polideportivo, e conta cun importante número máquinas atléticas, todas elas perfectamente dispostas nun local amplo, cómodo e adaptado.

Para facer uso do Ximnasio tan so teñen que acercarse ao Pavillón polideportivo, e o encargado do mesmo tramitaralles o "carné de socio", mediante o cal e previo pago dunha cantidade simbólica poderán acceder ao mesmo nos horarios establecidos.

Pasatempos

Segue o alfabeto



Chiste e adiviñanza.

1. ¿Qué lle dixo o número 3 o número 30?
- Para ser coma min tes que ser SINcero
2. ¿Qué pasa dúas veces en mércores, unha en martes e ningunha en sábado?

Festas da Saleta 2011

As festas na Honra da nosa veneradísima Virxe da Saleta, son unhas datas celebradas especialmente polos veciños de todo o Concello. As festas da Saleta son, ademais un referente, tanto nas celebracións relixiosas, coma nas paganas, en toda a nosa Comarca.

As Festas do presente ano 2011 foron, un ano máis, un rotundo éxito en canto a participación. A gran variedade de actos programados e a calidade dos mesmos axudaron a que as rúas da vila se ategaran de xente os cinco días das nosas festas...



Orchestra Panorama



París de Noia



Procesión Domingo



Procesión Luns



B.M. de Muimenta



Orchestra Olympus

Desde a Revista municipal queremos dar á **Comision de Festas da Saleta 2011** os nosos máis sinceros parabéns, pola súa labor organizativa, pouco valorada moitas veces, pero que nos consta, é unha tarefa ardua e laboriosa. Pero unha organización impecable merece os eloxios máis grandes que lle podamos brindar. Para estar orgullosos!. **Parabéns**



www.concellodecea.com

Concello de San Cristovo de Cea

Praza Maior, 1 32130 San Cristovo de Cea (Ourense)

Teléfono 988 282 000 Fax 988 282 008

www.concellodecea.com | info@concellodecea.com

Edita e imprime: Concello de San Cristovo de Cea
Tódolos textos e imaxes son propiedade do Concello de San Cristovo de Cea.
Dispoñen destas imaxes e algunhas máis de cada evento na web do Concello.